



As mozas deste serán  
todas son palomas brancas.

- Pero deberiamoslle de cambiar o tono.
- Póñanlle o tono, pensen o tono como ustedes tiñan costume.

*I 219*

Ai, as mozas deste serán  
ai, todas son palomas brancas.  
ai, o ghalán que as pasee  
ai, non pode vir en tamancas.

*I 220*

Ai, este serán é de ghuapos  
ai, non entra rapazaría.  
ai, entra o zapato picado,  
ai, xente de grande valía.

*I 586*

Aquí non as hai  
nin as ha de haber  
muchachiñas guapas  
son as de Meder.  
Son as de Meder,  
son as de Meder.  
Aquí non as hai  
nin as ha de haber.

...

Ai, una catedral hermosa.  
ai, vivan las chicas que tienen  
ai, una cara deliciosa!

*I 585*

Aquí non as hai  
nin as haberá  
muchachiñas ghuapas  
da banda de alá.  
Da banda de alá,  
da banda de acá.  
Aquí non as hai  
nin as haberá.



VI 1151

[Dices] que non teño cama,  
dices que non teño cama  
ai, que durmo no chan barrido.  
Ai, teño unha cama de flores.  
Dorme unha rosa conmigho.

VI 1405a

Ai, miña nai cando me berra  
ai, bate co pé no sobrado.  
Ai, ela di que non quer xenro  
pero eu xa llo teño arraxado.

Ai la la...

- Como vos rides esta noite, eh.

I 91

Miña nai é tecedeira  
ten o tear na cociña.  
Miña nai tece debaixo  
e meu pai tece derriba.

Ai la...

VI 492b

Á túa nai xa llo dixen  
i a teu pau téñolle medo  
i a ti heicho de decir  
na entradiña do portelo.

Ai re le lo le re lo...

I 484 / VI 1677

Miña nai por me casar  
ofreceume tres ouvellas:  
unha coxa, outra cegha, / unha branca e outra negra  
i outra mona sin orellas.

Ai ra la la...

VI 1674c

Miña nai pra me casar  
ofreceume unha ghaliña.  
Así / Desde que me viu casada  
deume unha aghulla sin liña.

Ai ra la la...



*VI 1682a*

Miña nai pra me casar  
ofreceume bois e vacas.

Miña nai pra me casar  
ofreceume bois e vacas.

Desde que me viu casada  
deume unha taza / cunca de papas.

Ai la la la ...

Miña nai e maila túa  
van xuntas na romería.

A miña vai borracha  
e a túa non se detiña.

Ai la la...

*I 143d*

Ó muíño de teu pai  
eu ben lle sei o tempero.

Ó muíño de teu pai  
eu ben lle sei o tempero.  
Cando está alto, baixarlle;  
cando está baixo erghe-lo.

*I 189*

Á porta deste serán  
ten que haber apartamento.

Á porta deste serán  
ten que haber apartamento.

Os casados van pra fóra,  
Os solteiros van pa dentro.

Os casados van pra fóra,  
Os solteiros van pa dentro.

*I 376b*

Canteiro, pica na pedra,  
pica na pedra miúda.

Canteiro, pica na pedra,  
pica na pedra miúda.

Pica na muller allea  
que outros che pican na túa.

- Éche ben certo. Non che é mentira ningunha.

[Se quer]es que vaia e veña  
ai, de noite polo lunar.

Ai, has de prender a perríña  
ai, que non fai senón ladrar.



... do mar

Amoriños, amores  
non podo olvidar.  
Non podo olvidar,  
non podo olvidar  
amoriños, amores  
da beira do mar.

*IV 288b*

O carballo do Galleiro  
tén tres carros de madeira:  
un é meu i outro é teu  
i outro é pra quen o queira.

*IV 937*

Fun a San do Medio, Medio  
e dalá trouxen un home.  
Trouxen un barbas de ghato  
que nin o caldo me come.

[San do Medio é unha forma popular de referirse a San Nomedio]

*IV 234*

En Taboexa non hai mozos  
que os comeu a xiada.  
Solamentes quedou un debaixo  
dunha arribada.

*IV 190*

Salvaterra non ten agua.  
Se non a ten doulla eu.  
Salvaterra non ten agua.  
Se non a ten doulla eu.  
Coa aghua dos meus ollos  
Salvaterra regho eu.

- É verdá, é verdá.

*IV 363b*

Se o río do Louro  
levara café  
as mozas de aquí  
iríano ver.  
Iríano ver,  
irían alá,  
se o río do Louro  
levara coñá.

- Claro porque o río do Louro é co Miño, emboca no Miño.
- É un río pequeno que vai dar ao Miño.
- Esta hai que ensaiala un pouco.



O abade de Leirado  
o Leiras, qué gran ladrón!  
Nunha corta de piñeiros  
fixo perto dun millón.



- Deixalle, primeiro ten que ensaiar. Primeiro pensa o tono que lle vas botar.
- Como iso era pouco inda quería perdirlle ós veciños pra facer unha porta da ighlesia porque eses cartos facíanlle falta pra outras cousas particulares. (...) É xusto que agora che cobre catro mil pesetas por enterrar un familiar? Entonces, quen lle da o sueldo? Vamos a ver...
- Estes son uns ladróns.
- Iso foi o obispo que lle puxo ese ...
- El aí non está polo obispo.
- Entonces decía no ... de Taboexa: “No! Nosotros no somos ladrones! Los santos piden y nosotros se lo guardamos”. Mira... carallo! Dixen eu ... Me cago en diez!

IV 683

O abade de Leirado,  
o Leiras, que gran ladrón!  
Nunha corta de piñeiros  
fixo casi un millón.

- É que é verdá, eh?
- Son ladróns.
- E o outro repartírono entre os tres.
- E dícame a min: “Y a mí no me dieron nada para la puerta de la iglesia”. Díxenlle eu : “Sí. Y qué quería, señor?”. Díceme el: “Me dieron ahí dos mil pesetas”, que foi o larpeiro do enterrador i os xenros que non lle deu máis nadie. E dice: “Me dieron dos mil pesetas”; “Pues le dieron mucho! Fue mucho dinero. Y usted necesita de pedir para hacer una puerta de la iglesia?”; “Sí porque la iglesia es de los [vecinos]”; “No, no. Yo llego aquí, usted tiene la puerta cerrada y me voy de vuelta para casa. Usted no me deja entrar”.
- Ademáis, a ighlesia é dos veciños. A ighlesia é dos veciños para arreglala e o monte para vender os pinos...
- E deles. O monte é deles. E non lle tocar alí a nada, eh.
- (...)
- Como se chama?
- É “Pilara da Sofía” ... i é neta de “Sofía da vaca”.
- (...)

IV 682

[Leirado] ten dous abades  
que nos rouban a porfía.  
Andan os dous / Os dous andan mangoneados  
pola Pilara da Sofía.

- Se non queren que a xente diga eso que non fagan...
- Que non se poñan a público!



*IV 668*

O abade de Corzáns  
non ten amigha ninghunha,  
pero viva o de Leirado  
que pra un cento fáltalle unha!

*IV 692e*

O cura de Vigho é xastre  
i o de Marín, mariñeiro.  
O cura de Vigho é xastre  
i o de Marín, mariñeiro  
i o de Orense, afilador  
i o de Leirado, porqueiro.

- E cáelle ben.
- É verdá!
- Cantas veces? Porqueiro cantas veces?
- Porqueiro un millón de veces, home. Pero é ou non é?
- “...Salvaterra a máis grande fraiguesía...”
- Porque hai outro Leirado.
- Si, si.

*IV 681*

Leirado de Salvaterra,  
a máis grande fraiguesía,  
Leirado de Salvaterra,  
a máis grande fraiguesía.  
Dous abades a roubar  
pra Pilara de Sofía.

- A roubar pra lle facer a casa a ela.
- Aghora o vello logho morre e quédalle o novo.
- Eso é como aquela...

La mujer que ama dos hombres  
no es tonta, que es entendida.  
Cuando una vela se apaga  
otra le queda encendida.

- Esta mórrelle o vello e xa lle queda o novo.

*VI 249*

Beilla na cunca, beilla no plato.  
Por que non beillas aquí, carrapato?

La la la la...  
(Aturuxo)



- ... unha habitación pra ela no teleclub.
  - No que están facendo novo?
  - Sí.
  - Debe ser pra mancebada, cuando vén alí o mozo.
  - I os homes están de acordo?
  - Están a facer un teleclub na plaza que fixera este de Salvaterra... Xa lle botaron unha placa. Pero el xa dixo: “Mira que necesito una pieza en ese teleclub”.
  - Pero non lla dan.
  - Dan, danlla porque a comisión esa, esa sociedade está feita toda de coleros (?), de tíos falsos e personas todas de malvivir.
  - Non, home, non, aí non hai formalidade case ningunha. Ou que te cres?
  - Entonces pra qué quere ela a habitación aquí?
  - Pa por un puesto. Un puesto de fruta.
  - Fruta fresca.
- (...)